

I SEMINARIO FORMATIVO INTERNACIONAL

ACCIÓN SOCIOEDUCATIVA CON INFANCIAS E ADOLESCENCIAS EN RISCO OU DESAMPARO: OS PROCESOS DE COORDINACIÓN E ACOLLIDA EN RECURSOS DE PROTECCIÓN

O seminario busca achegar ás persoas interesadas coñecementos, destrezas e habilidades prácticas na intervención socioeducativa con infancia e adolescencias en situación de risco e/ou desamparo en diferentes recursos de protección, poñendo o foco en a) o proceso de coordinación entre diferentes servizos do sistema de protección de menores e b) a intervención socioeducativa no momento da acollida. A metodoloxía combina un formato presencial e online, con sesións teóricas e prácticas.

O programa formativo inclúe a perfís profesionais cunha ampla traxectoria no ámbito de infancia e adolescencia e que aportan perspectivas e miradas diversas, en concreto contaremos con:

- **Alba María Jorge Ferreiro**, directora do Centro infanto-xuvenil Escola-Fogar (Centro Príncipe Felipe, Deputación de Pontevedra).
- **Eva López Soto**, educadora social nos Servizos Sociais comunitarios do Concello de Teo.
- **Rocío Núñez Rúa**, educadora social nos Servizos Sociais comunitarios do Concello de Oroso e Vicepresidenta do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG).
- **Ángela Lucía De Valenzuela Bandín**, educadora social en vivendas tuteladas e Unidades de Primeira acollida. Actualmente, docente de Formación Profesional, na familia profesional de intervención sociocomunitaria
- **Andrea Maroñas Bermúdez**, educadora social no Centro Príncipe Felipe (Deputación de Pontevedra). Actualmente, profesora na Universidade de Santiago de Compostela.
- **María Aguión Lamas**, educadora social en vivendas tuteladas. Actualmente, investigadora en formación na Universidade de Santiago de Compostela.

Ademais, o último día do seminario contarase cunha videoconferencia internacional na que nos achegaremos a diferentes experiencias profesionais de intervención con nenos, nenas e adolescentes en diferentes realidades de **Latinonamérica**:

- Contarase coa participación da **Universidade Católica de Arxentina**, en concreto co grupo de traballo do Departamento de Educación.
- Tamén escoitaremos a experiencia de **Diego Silva Balerio**, educador social, coordinador técnico de OSC La Barca, Montevideo, **Uruguay**.
- E **Isidora Morales Molleda**, Trabajadora Social, falará so seu labor profesional na ONG Paicabi, **Chile**.

Afondarase nos procesos de acollida que seguen diferentes institucións ligadas á intervención familiar e ao acollemento residencial de crianzas e adolescentes, analizaranse os protocolos de actuación existentes no contexto galego, así como experiencias individuais vinculadas á práctica profesional nestes contextos.

A formación combina dous formatos principais: a) un seminario con diferentes profesionais a modo de palestra, no que construír un espazo para o diálogo e o debate b) obradoiros nos que se reflexionará sobre a práctica profesional a través de casos reais.

Este seminario será de carácter gratuíto e conta con dúas modalidades de asistencia: presencial e online. Débese ter en conta que no formato online non é posible participar das sesións de obradoiro. É necesaria a inscrición no [seguinte formulario](#)

CONTIDOS

Bloque de contido 1. A coordinación entre os servizos de protección á infancia e á adolescencia.

Bloque de contido 2. Os protocolos e procesos de acollida de infancias e adolescencias en centros residenciais.

Bloque de contido 3. A intervención socioeducativa nos procesos de acollida nos servizos de protección de menores.

OBXECTIVOS

Obxectivo xeral

Promover un espazo formativo orientado a achegar fundamentos teóricos e ferramentas prácticas para a intervención socioeducativa con infancia e adolescencia en recursos de protección.

Obxectivos específicos

OE1. Analizar os protocolos de ingreso e acollida existentes nas diferentes institucións vencelladas ao acollemento residencial.

OE2. Coñecer os procesos de coordinación entre diferentes administración, servizos e profesionais.

OE3. Proporcionar ferramentas prácticas para a intervención socioeducativa no momento da acollida en recursos de protección baseadas na experiencia e na práctica profesional

PERSOAS DESTINATARIAS

A formación está dirixida ao estudantado dos diferentes graos e mestrados da Facultade de Ciencias da Educación, así como dos diferentes Programas de Doutoramento vinculados a esta Facultade. Con todo, é un seminario aberto ás diferentes profesionais relacionadas co mundo das crianzas.

CRONOGRAMA

O seminario desenvolverase do 28 ao 30 de abril de 2026. A duración será de 10 horas, realizándose en dous días contiguos con sesións de 5 horas.

MÉRCORES, 28 DE ABRIL (15.30hrs a 20:00hrs)

- 15:30hrs – 17:30hrs. Mesa redonda: a coordinación entre servizos de protección de menores nos procesos de ingreso e acollida.
 - Alba María Jorge Ferreiro, directora do Centro Escola-Fogar (Centro Príncipe Felipe, Deputación de Pontevedra).
 - Eva López Soto, educadora social nos Servizos Sociais do Concello de Teo.
 - Rocío Núñez Rúa, educadora social e Vicepresidenta do CEESG.
- 17:30hrs – 18:00hrs. Descanso.
- 18:00hrs – 20:00hrs. Obradoiro de resolución de casos.

XOVES, 29 DE ABRIL (15.30hrs a 20:00hrs)

- 15:30hrs – 17:30hrs. Mesa redonda: protocolos de actuación e intervención socioeducativa nos procesos de ingreso e acollida nos centros residenciais de protección de menores.

- Ángela Lucía De Valenzuela Bandín educadora social en vivendas tuteladas e Unidades de Primeira acollida. Actualmente, profesora de secundaria.
 - Andrea Maroñas Bermúdez, educadora social no Centro Príncipe Felipe. Actualmente, profesora na Universidade de Santiago de Compostela.
 - María Aguión Lamas, educadora social en vivendas tuteladas. Actualmente, investigadora en formación na Universidade de Santiago de Compostela.
- 17:30hrs – 18:00hrs. *Descanso.*
- 18:00hrs – 20:00hrs. Obradoiro de resolución de casos.

VENRES, 30 DE ABRIL (15.30 a 18.30)

- 15.30 a 18.30 Videoconferencia: experiencias de intervención socioeducativa con crianzas en contextos latinoamericanos (ponentes pendentes de confirmación).
- Equipo do Departamento de Educación da Universidade Católica de Arxentina.
 - Diego Silva Balerio, educador social, coordinador técnico de OSC La Barca, Montevideo, Uruguay.
 - Isidora Morales Molleda, Trabajadora Social, ONG Paicabi, Chile.
- 18.30 a 19.30 Merenda de coidados e dinámica de peche

AVALIACIÓN

Están deseñadas dúas estratexias principais de avaliación. En primer lugar, unha avaliación continua mediante a observación das dinámicas que se produzan nas sesións de seminario e nos obradoiros e, en segundo lugar, unha avaliación final a través dunha dinámica de peche nunha merenda compartida.